

enlaza
VigoREACCIÓN CIDADÁ
CONTRA A VIOLENCIA
DE XÉNERO

PRENSA

www.enlazavigo.com

Vigo conmemorará o 25 de novembro cun gran tapiz humano contra a Violencia de Xénero

Case 2.000 alumnos e alumnas da cidade participarán nesta actividade e nunha exposición colectiva

Vigo, 19 de novembro de 2012

Case 2.000 alumnos e alumnas dun total de 36 centros de ensino secundario de Vigo xa se sumaron á iniciativa **Enlaza Vigo-Reacción Cidadá contra a Violencia de Xénero**, posta en marcha pola Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller de Vigo para esixir a todos os poderes públicos e á sociedade en xeral un compromiso real e unha implicación decidida para combater o terrorismo machista.

Tralo éxito acadado o pasado ano na convocatoria dunha gran cadea humana na que participaron miles de cidadás e cidadáns, Vigo volverá, o **venres 23 de novembro**, a manifestar o seu rexeitamento contra a lacra da Violencia de Xénero, coa formación dun **gran tapiz humano no centro da cidade**.

A Concellería de Igualdade e o Consello Municipal da Muller fan un chamamento a toda a cidadanía para que se sume a esta iniciativa, que conta co apoio da maioría dos centros de ensino da cidade nos que se imparte ESO e FP.

O programa previsto para este ano inclúe unha **exposición colectiva sobre Violencia de Xénero**, na que tamén participará de xeito moi activo o alumnado vigués, así como asociacións de mulleres, outros colectivos sociais e calquera persoa que desexe contribuír a esta mostra.

Desde que se teñen estatísticas sobre este problema, no ano 2003, máis de 650 mulleres foron asasinadas en España a mans das súas parellas ou exparellas, e centos de miles son, día a día, vítimas do poder que os homes exercen sobre elas. Segundo os datos do Ministerio de Igualdad, no que vai de ano, foron asasinadas en España polas súas parellas ou exparellas un total de 40 mulleres (catro mortes máis atópanse en fase de investigación).

Enlaza Vigo segue a contar coa figura dos “Enlaces”, persoas cunha proxección pública, que actúan en diversos ámbitos (a literatura, o deporte, a arte, a música, o xornalismo, etc.) como difusores desta iniciativa.



Ao igual que o pasado ano, **Enlaza Vigo** anima a participar a institucións e organizacións da cidade, entre elas, ademais dos centros de ensino, á Universidade, sindicatos, asociacións veciñais, clubs deportivos, sociedades culturais, centros cívicos, colectivos empresariais ou institucións públicas, para lograr a implicación decisiva e necesaria para rematar co terrorismo machista.

A iniciativa **Enlaza Vigo** difúndese nas redes sociais **Facebook** e **Twitter**, onde conta xa con arredor de 1.200 seguidores e seguidoras, e unha audiencia directa estimada de preto de medio millón de persoas. Ademais, dispón da web www.enlazavigo.com, que actualiza os seus contidos en sincronía cos das súas redes sociais, ofrece información actualizada e opinións sobre Violencia de Xénero, así como as incorporacións das persoas que se van sumando á campaña como Enlaces.


Tapiz humano

O tramo da rúa Urzáiz comprendido entre a Farola e a rúa República Arxentina será o escenario, o vindeiro venres 23 de novembro, onde se formará un gran tapiz humano que simbolizará o rexeitamento da cidade de Vigo á violencia machista. **O acto central de Enlaza Vigo- Reacción Cidadá contra a Violencia de Xénero comezará ás 12:00 h.**

O alumnado vigués poderá participar dun xeito activo, desde a súa chegada ao punto de encontro (Farola de Urzáiz) e ata o momento de crear o tapiz humano, en diversas actividades lúdicas e reivindicativas que reflicten as distintas expresións artísticas e deportivas que practica a mocidade.

Así, desde as 10:30 h. (hora prevista da chegada dos e das primeiras participantes) e ata as 11:45 h. (hora na que se comezará a formar o tapiz) haberá exhibicións de malabares, parkour, patíns en liña, breakdance, graffiti ou rap. Deste xeito, os mozos e mozas participantes poderán disfrutar dun variado programa, que coordinará un equipo de animación sociojuvenil.

No acto, que contará coa colaboración da escritora Leticia Costas e da pedagoga Nuria Carballido na parte de locución e animación, volverán a estar presentes as siluetas brancas que representan ás vítimas. O pasado ano estas siluetas tamén protagonizaron a cadea humana contra a Violencia de Xénero e posteriormente foron depositadas de xeito simbólico na ladeira do castro.



Trala lectura dun manifesto co gallo **do 25 de novembro-Día Internacional contra a Violencia de Xénero** e a realización do tapiz humano, os alumnos e alumnas participantes regresarán aos seus centros de ensino. Gran parte do alumnado utilizará o servizo de transporte que a Concellería de Igualdade pon á súa disposición.

O tramo da rúa onde se realizará este acto cortarase ao tráfico rodado para garantir a seguridade das persoas participantes.

Exposición colectiva

O alumnado dun total de máis de trinta centros do ensino da cidade participará **do 19 ao 23 de novembro** na exposición colectiva contra a Violencia de Xénero, que terá como escenario a **rúa do Príncipe**. De xeito ininterrompido, **de 10:00 h. a 20:00 h.**, a cidadanía viguesa poderá visitar esta mostra que reflicte o compromiso do estudiantado da cidade na loita contra a violencia machista.

Trala reflexión, organización e elaboración nos centros de ensino dos traballos participantes, plasmados nunha lona de 100 x 180 centímetros que foi achegada pola Concellería de Igualdade xunto ao material necesario, as obras foron recollidas pola organización deste evento para a súa montaxe na rúa do Príncipe.

Os traballos realizados abranguen diversas expresións artísticas, como pintura, debuxo, collage, graffiti ou textos. O alumnado vigués está a amosar nesta actividade, ademais dunha gran concienciación sobre o problema da violencia contra as mulleres, unha gran creatividade e orixinalidade.

A participación nesta exposición colectiva tamén está aberta a asociacións de mulleres e outros colectivos sociais. Ademais, as persoas interesadas en participar poden facelo a través dos paneis situados fronte ao MARCO.

Vigo xa é un referente na loita contra a violencia machista. En non só na homenaxe e recordo ás vítimas, senón no compromiso individual das cidadás e cidadáns na erradicación deste tipo de agresións. Todas as persoas temos, non soamente o dereito, senón tamén o deber, de avisar á Policía ou á Xustiza se coñecemos un caso de violencia contra unha muller.